

• • • CONTOS PARA O HOSPITAL • • •

# Lina



A CATIVA ANDURIÑA



ARABAKO UNIBERTSITATE OSPITALEA  
HOSPITAL UNIVERSITARIO ARABA

Textos: Ana M<sup>a</sup> García de Motiloa Gámiz


Ilustracións: Patricia Nagashiro Vaca







Para todos os nenos e nenas que atravesan  
por unha enfermidade oncolóxica.



Primeira edición xuño 2014.

Textos: Ana García de Motiloa Gámiz.

Ilustracións: Patricia Nagashiro Vaca.

Tradución: Vicente Touzón y Rocío Dourado Fernández.

Deseño gráfico: Patricia Nagashiro Vaca

RPI: VI - 98 - 14

Textos: Ana M<sup>a</sup> García de Motiloa Gámiz

Ilustracións: Patricia Nagashiro Vaca







Lina era unha feliz anduriña que vivía coa súa familia nun niño con forma de taza que estaba apegado ao beiral dunha branca casa.





O seu pai, Rufino, era un gran funámbulo elegante e fino que facía acrobacias sobre o arame frío sen notar sequera un só formigo.


Sempre se vestía coa camisa branca, frouxa, e unha capa escura que anoaba cun lazo vermello á gorxa.



A nai de Lina, de nome Cristina, cantaba nun coro de seis anduriñas que sempre vestían de branco e escuro con bastante atino, o mesmo que Rufino, poñendo no aire os seus fermosos rechouchíos.







Lina dous irmáns tiña, Carol e Perico.  
Os tres comían ricos vermes que papá  
e mamá poñían nos seus peteiros.  
Así as plumas medraban  
e ao pasaren os días,  
máis grandes se facían.

Pero desde un luns ao anoitecer,  
a Lina non lle apetecía xa comer,  
non sabía que pedir,  
estaba un pouquiño pálida, d  
oíalle a cabeza e non deixaba de tusir.







O seu pai e a súa nai, moi preocupados, voaron con ela ao bosque onde estaba a árbore sabia que os escoitou atenta, cos ollos moi abertos e a boca ben pechada, para non perder nada.

Despois de pensar un anaco, díxolles con voz moi suave:

“Ide ver o abeto, que é unha árbore que eu respecto. Ao seu tronco alumeado Lina terá que entrar, para así poder saber onde a enfermidade está”.






Deron as grazas ao sabio  
e dalí a toda présa voaron cara o abeto,  
sempre a carón dun verde seto  
porque como di o meu avó:

“Anduriña que voa a rentes da terra, chuvia venta”.





Unha pinga, dúas, tres,  
de socato comezou a chover  
e os animais do bosque botaron a correr.

Ata o sol lle dixo a Lina  
que se quería agochar detrás dunha cuíña.

Mentres, para non se mollaren, as tres anduriñas  
xa puxeran as súas botas e as súas gabardinas.







Lina, o seu pai e a súa nai chegaron ata o abeto  
que os agardaba co seu toro oco  
e unha gran chistera  
para ver a Lina por dentro e por fóra.

A Lina dáballe medo meterse no toro oco  
pero foi obediente, entrou ela soíña e así foi valente.





Seis vagalumes amigos alí a agardaban  
xogando ao corro, ao son dun canto de grilos  
e formando un sol coa suave luz dos seus faroliños.

Daquela maneira o toro oco xa se iluminou  
e o medo de Lina desapareceu.  
O papá e a mamá por ela fóra agardaban ata que saíu.

No bo abeto Lina ficou sobre un branco niño  
con papá e mamá ao seu carón dándolle cariño.

A Lina tamén,  
outras anduriñas coidaban con celo  
e de cando en vez chiscábanlle un ollo.







As follas do abeto pinchaban un pouco  
para traspasar un líquido máxico con moito poder  
pois á enfermidade podía facer desaparecer.

Ao abeto bo non lle gustaba nada facer dano a Lina  
e puxo un piñón preto, moi pretiño do seu corazón,  
por onde entraría o líquido máxico que tanto corría.

Antes do amencer,  
as plumas de Lina,  
pouco a pouco,  
comezaron a caer.

Entón Carlota, a boa marmota,  
as plumas collía para lle facer a Lina  
un suave edredón  
para poñer sobre o camisón.






Despois duns días de moito repouso,  
outras anduriñas foron buscar  
uns froitos vermellos por toda a cidade  
pois díxolles o sabio que curar podían unha enfermidade.

Nada máis tomalos durante uns días,  
Lina viu leda como as súas plumas con forza saían.







Pasado xa un tempo, deixou de chover  
e novamente o sol voltou para as lombiñas  
para dar a súa luz ás anduriñas.

Saíu o arco da vella e pintou cores  
en todo o gran bosque cuberto de flores.

Dalí os tres foron buscar o seu niño  
no que quedaron Carol e Perico,  
irmáns de Lina,  
e sempre ao coidado da tía Rexina.





Era Nadal e, ao lonxe, unha árbore viron brillar.

Este conto está dirixido, fundamentalmente, aos nenos e nenas que padecen unha enfermidade oncolóxica.

A través del, poderán identificarse con Lina, a anduriña protagonista, pois ela tamén acudirá á árbore sabia (médico) e ao abeto (hospital). Así mesmo entrará no toro oco (resonancia), colocaranlle un piñón (reservorio) e tomará uns froitos vermellos (medicamentos).

Todas estas metáforas poderán axudarlle ao neno e á nena a poñer palabras ás súas emocións.

*Ana M<sup>a</sup> García de Motiloa*



